



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA POR PROMOCIÓN INTERNA, CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA (1) PRAZA DO CORPO DA POLICÍA LOCAL, ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE OFICIAL, SUBGRUPO C1 (EXPDTE. 2022/E001/000011)

FASE DE OPOSICIÓN. TERCEIRA PROBA.

En Ordes, a 11 de xaneiro de 2023, sendo as dez horas reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, 3º andar, Ordes o Tribunal que ha de vulgar o PROCESO SELECTIVO FUNCIONARIO: praza corpo da policía local, escala básica, categoría oficial, subgrupo C1, convocada por resolución de alcaldía nº 1372/2022, de data 28 de outubro de 2022.

Asisten:

Presidente: Eduardo Rodríguez Regos, Oficial do Corpo de Policía de Galicia.

1º Vogal: Javier Tejjido López, Oficial do Corpo de Policía de Galicia.

2º Vogal: Marcos Delgado García, Oficial do Corpo de Policía de Galicia.

3º Vogal: Piar Rey Rodóis, Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa.

Secretario: Juan Luis González Iglesias, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, pasándose seguidamente á celebración da terceira proba da fase de oposición, que consistirá na resolución dun caso práctico, no tempo máximo dunha (1) hora, determinado polo tribunal e relacionado cos temas comprendidos no Anexo III da presente convocatoria.

Concorre á realización desta proba, previa acreditación da súa identidade, o aspirantes **IVAN OTERO IGLESIAS, con DNI nº ***1712**.**

Sendo as 10:10 horas comeza o exercicio.

Rematada a celebración desta proba práctica, pola persoa aspirante procédese á lectura do caso práctico ante o tribunal.

Seguidamente polo Tribunal procédese a súa cualificación segundo os criterios de corrección establecidos na Base 5.2 . Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado.

O Tribunal acordou repartir os 10 puntos entre os criterios de corrección, informando ao aspirante antes de comezo do exercizo:

CRITERIOS DE CORRECCION	PUNTOS
1.APROXIMACIÓN Á DESCRICIÓN E CONTIDO DA NORMATIVA APLICABLE NO ESENCIAL	2,50
2.CONCRECIÓN DAS RESPOSTAS DADAS	2.50
3.MOTIVACIÓN	2.50
4.CONTESTACIÓN DE TODAS AS SINGULARIDADES DE CADA RESPOSTA SEGUNDO O ESTABLECIDO NA NORMATIVA REGULADORA QUE AMPARA AS RESPOSTAS DE CADA UNHA DELAS	2.50
	10,00



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

O resultado da cualificación desta terceira proba, da fase de oposición, é a seguinte:

ASPIRANTE	DNI	Criterio 1	Criterio 2	Criterio 3	Criterio 4	NOTA FINAL
Iván Otero Iglesias	***1712**	2,00	2,00	1,875	2,00	7,875

Polo tribunal acórdase publicar a cualificación obtida nesta terceira proba na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello.

Recursos: Por tratarse dun acto de trámite (art. 112.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro), non cabe recurso en vía administrativa.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as once horas do día ao principio sinalado.

Ordes, 11 de xaneiro de 2023.

O Presidente

1º Vogal

2º Vogal

3º Vogal

O Secretario